

EDITORIAL GALAXIA, S. A.

Reconquista, 1-Teléfono 218204

VIGO-26-febreiro-1973

Sr. D. Luís Tobío
M a d r i d

Meu querido amigo:

Recibín as túas liñas e máis o traballo pra o "Grial". Coido que é moi interesante e moi oportuno. Xa non poderá ir neste número do primeiro trimestre, porque hoxe ou mañá sairá do prelo. Irá encabezando o próximo, correspondente ao segundo trimestre do ano.

Xa vexo que desertástedes definitivamente das paisaxes viguesas. Síntoo de verdade, porque os días de vacacións estiváís servíannos pra poder falar e rememorar vellos tempos. Confío, porén, que teremos algunha ocasión de poder atoparnos ou travolta.

Alédame moito que lle deras remate ao libro encol de Gondomar. Habería que percurar un xeito de o editar axina. Si non fora tan voluminoso xa, den de agora, comprometíame a que o publicase Galaxia. Pero o presuposto de edición ha ser grande, e os nosos recursos financeiros son moi limitados. ¿Pra que non falas con Álvaro Gil, pois quizaves axudara a sufragar o custe? Sería unha pena que a publicación da obra se demorase, despóis do grande traballo feito.

Garimosos saúdos da miña muller e meus pra todos vós, e pra ti a cordial aperta de sempre

Paco